



Estimados pais:

Comunicámosvos que o DOG do 19 de maio publicou a *Orde do 12 de maio de 2020*, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso 2020/2021.

Resumo da Orde, que poden consultar na nosa páxina web ou no portal educativo da Xunta:

### **Obxecto da convocatoria:**

- Participación no **fondo solidario de libros de texto** do alumnado matriculado en 4º e 6º de educación primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria.
- Convocatoria de **axudas para adquirir libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º e 5º de EP e en educación especial.
- Convocatoria de **axudas para adquirir material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

### **Lugar e prazo de presentación:**

A solicitude presentárase preferiblemente por vía electrónica no formulario normalizado dispoñible na aplicación informática “fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes.

O prazo para presentar solicitudes **rematará o 19 de xuño de 2020**, incluído.

### **Documentación:**

- Solicitude (anexo I)
- Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- Fotocopia do libro de familia, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución de custodia do/a menor.
- Calquera outra documentación acreditativa das circunstancias alegadas.

### **Contía das axudas:**

Educación primaria (1º, 2º, 3º e 5º):

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: 210 euros.
- Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140 euros.

Alumnado de educación especial: 275 €, con independencia da renda per cápita familiar.

A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado de EP e en ESO con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros será de 50 euros.

O alumnado que estea en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65% será beneficiario desta axuda con independencia da renda.



**Obrigas dos beneficiarios:**

1.- Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2019/2020.

A falta de devolución dos libros de texto, sexan do curso inmediato anterior ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2020/2021.

2.- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2020/2021 e devolvelos ao rematar este.

3.- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.

4.- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.